



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día 10 de xaneiro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martinez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (EXTRAORD. 20.12.2016)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 20 de decembro ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Visto o escrito con RE nº 125 de data 9 de xaneiro de 2017 presentado por D. LUIS VILA LOPEZ, en representación de Dna. Cheila Liliana Torralvo Costa Cadima (CIRCO EVOLUCIÓN), con enderezo a efectos de notificacións na Avda. da Lamadosa, nº 1-10ºB de A Coruña,, no que solicita autorización para a instalación dun circo nunha parcela privada fronte a Alameda, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- 1.- Autorizar a instalación do circo entre os días 27 de xaneiro e 5 de febreiro de 2017 sen prexuízo da autorización pertinente do propietario da parcela.
- 2.- Comunicarlle ó solicitante que o parque móbil do que dispoñan terá que ser albergado dentro da propia parcela na que instalen a carpa, xa que a rúa Coruña ten que quedar dispoñible para o desenvolvemento do mercadillo o cal xenera problemas de tráfico tamén nas rúas do entorno .
- 3.- Denegar a autorización da instalación de cartelería no mobiliario público posto que o novo regulamento de limpeza do Concello da Guarda o impide, establecendo no caso do seu incumprimento as correspondentes sancións.
- 4.- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento e para o control da esixencia establecida no punto 2.

Lese o escrito RE 124 de data 9 de xaneiro de 2017, presentado por CIRCO PERLA SHOW, con enderezo a efectos de notificacións na avda. Reina Victoria, nº 72 de Madrid, solicitando



CONCELLO A GUARDA

autorización para a instalación na localidade do seu espectáculo acuático entre o 15 de xuño e o 20 de agosto de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, debido á programación cultural de verán do Concello, é necesario que concrete as datas de instalación. En todo caso, deberá reunirse coa Concelleira de Cultura para determinar as características do espectáculo.

Lese o escrito RE 7.960 de data 22 de decembro de 2016, presentado por ÉRGUETE BAIXO MIÑO, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Colón, nº 20 da Guarda, solicitando a acollida para a realización de prácticas de dous alumnos do curso de auxiliar forestal que está a desenvolver dita asociación.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado comunicándolle ós responsables da Asociación Érguete Baixo Miño que deben poñerse en contacto cos representantes municipais para fixar a condicións da acollida.

Lese o escrito RE 8.041 de data 29 de decembro de 2016, presentado pola ENTIDADE LOCAL MENOR DE CAMPOSANCOS, solicitando que se cumpra o acordo plenario municipal de data 11 de novembro de 2006, e se proceda o abono da anualidade do exercizo de 2012 do 25% dos impostos devengados no ámbito territorial da Entidade Local Menor.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

FORA DA ORDE DO DÍA

BASES E CONVOCATORIA DUN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2017.

Vistas as bases do Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local deste Concello, órgano competente para elo, ACORDA:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "Contratación traballadores desempregados", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado "Contratación traballadores desempregados"

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 154.852,58 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2016.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros. O órgano que adopta é competente para comprometer esta achega.

Sendo as nova horas e cincuenta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.